



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1529/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE AGOSTO DE 2023.

DIRECCIÓN DE INGRESOS

- 1.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal xeral. Expte. 3033/500.
- 2.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles. Expte. 3034/500.
- 3.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do IVTM. Expte. 3035/500.
- 4.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas. Expte. 3036/500.
- 5.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que estenda a Administración do Concello e a Xerencia de Urbanismo a instancia de parte. Expte. 3037/500.
- 6.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos especiais por espectáculos e transportes. Expte. 3038/500.
- 7.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais. Expte. 3039/500.
- 8.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo. Expte. 3040/500.
- 9.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ao exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal e outros prestados por causas excepcionais. Expte. 3041/500.

- 10.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de medio ambiente e vida saudable. Expte. 3042/500.
- 11.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar. Expte. 3044/500.
- 12.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos na "Galería de servizos de Navia". Expte. 3045/500.
- 13.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local. Expte. 3046/500.
- 14.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos das Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas. Expte. 3047/500.
- 15.- Proxecto de modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, aluguer de instalacións para este e participación noutras actividades ou programas. Expte. 3048/500.
- 16.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións. Expte. 3049/500.
- 17.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións. Expte. 3050/500.
- 18.- Proxecto de modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes. Expte. 3051/500.
- 19.- Proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas dos servizos que presta "Vigo-Zoo". Expte. 3054/500.
- 20.- Proxecto de modificación da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos e subministración de auga



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1529/1102

potable, rede de sumidoiro, saneamento e depuración de augas residuais. Expte. 3052/500.

- 21.- Proxecto de modificación da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de inmovilización, retirada depósito e custodia de vehículos. Expte. 3027/500.
- 22.- Proxecto de ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de estacionamento de vehículos na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo. Expte. 3053/500.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión EXTRAORDINARIA na súa Sala o día **28 de AGOSTO de 2023, ás 13,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/if.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez